

# CLMNTK



## CONVOCATORIA DO III CONGRESO CLMNTK E DOS PREMIOS CLIMÁNTICA PARA ESTUDANTES

Co obxectivo de sensibilizar sobre o problema do cambio climático e promover actitudes máis sostibles co medio, a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas convoca o III Congreso CLMNTK e os Premios Climántica para estudantes de Educación Primaria, ESO, Bacharelatos, Ciclos Formativos e Universidade.

Prazo de presentación de traballos: dende a data de comunicación na web de Climántica ata o 10 de maio do 2010.

### Categorías:

#### 1 Literatura:

redaccións, comics, relatos reais e de ficción ou poesías.

#### 2 Multimedia:

- 2.1 Curtos, animacións ou pequenos vídeos nos que se conta unha historia sobre a base dun guión.
- 2.2 Presentacións.
- 2.3 Entrevistas, representacións teatrais e cancións gravadas.

Características técnicas: resolución mínima 320 x 240. Formato de vídeo: mov, mp4, vob, dv, flv, avi, 3gp.

#### 3 Artes plásticas:

- 3.1 Fotografía da realidade ou de representacións como maquetas ou modelos doutro tipo. Cada foto debe levar unha breve referencia do que queren comunicar, e no caso das maquetas o que representan ou cómo se elaboraron.
- 3.2 Debuxos.
- 3.3 Pósters.

Características técnicas: ademais do orixinal, entregarse unha copia dixital ou fotografía en formato jpg ou bmp.

Todos os traballos da categoría multimedia poderán visualizarse na sección Alumnos do apartado Biblioteca de climantica.org; o resto publicaranse no nº 3 da revista CLMNTK, sempre que sexan recibidos antes do 20 de maio. Os autores de estes últimos serán invitados a asistir gratuitamente cos pais ou representantes legais ao Terceiro congreso dos autores de CLMNTK que se celebrará no Palacio de Congresos de Pontevedra o sábado 19 de xuño de 2010.

## Xa somos máis recuperando o Planeta

Para máis información sobre as bases do concurso:  
<http://biblioteca.climantica.org/blog/alumnos/noticias>

### Envío de traballos:

- Por correo electrónico a: [concursos@climantica.org](mailto:concursos@climantica.org)
- Por correo ordinario a: **Climántica. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe · San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela.**



XUNTA DE GALICIA

## PREMIOS RELACIONADOS CO III CONGRESO CLMNTK



Premios xerais para os niveis e etapas educativas (por traballos individuais ou grupos cun máximo de 3 alumnos):

- Premio xeral para 5º e 6º de Primaria a 25 alumnos: Estancia formativa nun campamento de Educación Ambiental de Galicia que se comunicará no III Congreso e que se desenvolverá entre o 24 e o 27 de xuño de 2010.
- Premio xeral de ESO a 30 alumnos: Travesía de 5 días (dende o 24 ao 28 de xuño) nun veleiro tipo goleta visitando distintos puntos do litoral galego e desenvolvendo diversas actividades de educación ambiental tanto no barco coma en terra.
- Premio xeral de ensino non universitario non obrigatorio a 30 estudantes de Bacharelato e Ciclos Formativos: Estancia formativa nun campamento de Educación Ambiental de Galicia que se comunicará no III Congreso e que se desenvolverá entre o 7 e o 11 de setembro de 2010.
- Premio xeral Universidade a 9 estudantes universitarios de grao ou posgra. Estancia no mesmo campamento de Educación Ambiental que os premiados na categoría anterior. Os gañadores terán que desenvolver un plan de actividades lúdicas e de convivencia que levarán á práctica no campamento convertíndose, deste xeito, en monitores dos seus compañeiros de Bacharelato e Ciclos Formativos. O obxectivo deste plan é acadar a sensibilización ambiental e a cohesión do campamento, poñendo especial énfase na dimensión educativa das veladas nocturnas. A súa proposta de actividades deberá achegarse xunto cos traballos presentados ao congreso.

Premios especiais:

- Grupos de 4 a 50 alumnos que presenten obras de teatro, cancións, dramatizacións: Itinerario educativo en Galicia que se consensuará e coordinará cos seus docentes e que se desenvolverá o 27 de setembro.

Todos os alumnos que presenten cancións, individualmente ou por grupos, e sexan seleccionados para participar no festival do Congreso serán premiados cun reprodutor MP4.

Os premios serán comunicados ao remate do III Congreso de Estudantes.

## PREMIO CAMIÑO A BRASILIA



Climántica vai seleccionar a 2 dos 12 delegados que representarán a España na Conferencia Internacional infanto-juvenil "Cuidemos el Planeta" que terá lugar en Brasilia en xuño de 2010, e que xuntará a xóvenes de 12 a 15 anos para discutir os problemas socioambientais globais enfocados ao cambio climático.

A elección dos dous representantes galegos, condicionada pola utilización da aplicación [www.wiklimantica.com](http://www.wiklimantica.com), responderá a dous criterios:

- as súas aportacións a través de textos, multimedia, críticas positivas... na redacción do documento "Carta do compromiso dos estudantes de Galicia co Planeta", que se elaborará mediante a aplicación [www.wiklimantica.com](http://www.wiklimantica.com);
- a súa participación e os traballos presentados nas distintas edicións do Congreso de Estudantes de Climántica e que acadaron algún premio.

Os dous delegados eleixidos (un mozo e unha moza) permanecerán como representantes de España ata a convocatoria do seguinte cumio.